

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE NOVEMBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 8 de novembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Riesgo Boluda (asiste ao punto 1a)  
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 1a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2b e 3a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 4b)  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 8a e 9a)  
D<sup>a</sup>. María Dapena Gómez (asiste aos puntos 8b e 9b)  
D. Fernando Carballo Vilar (asiste ao punto 2a e 4a)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta da sesión do 2 de novembro de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 2 de novembro de 2017 cos votos de D. Carlos López Font, D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 2a e 5a) e D. Óscar Couce Senra.

### **2.- Apertura administrativa**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:02	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A647-E1B955-81388D-VAYFUW-8RAUBV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a D. CLAUDIO ABALO CARRERA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente, a solvencia técnica.

O licitador declara no punto 4 da súa declaración responsable “*que o obxecto da miña actividade está relacionado co obxecto deste contrato, sendo o control de animais*” e no punto 9, indica unha serie de contratos relacionados, case todos eles, co control de fauna e cetrería.

A este respecto cómpre sinalar que o apartado 6C do Anexo I -FEC- do PCAP esixe como medio para acreditar a solvencia técnica “*Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (...)*”. Constitúe o obxecto deste contrato “*a prestación do servizo de **mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario** nas instalacións do VigoZoo*” (apartado 2A do citado Anexo I), instalacións que veñen relacionadas na cláusula 1 do prego de prescricións técnicas particulares, onde se indica que a “*finalidade última do contrato é a consecución dos máximos niveis de mantemento das actuais instalacións*”.

En base ao anterior, deberá emendar a solvencia técnica segundo as esixencias dos pregos que rexen esta contratación.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a NEWLINK EDUCATION, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)**

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:02	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A647-E1B955-81388D-VAYFUW-8RAUBV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 4.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo para a emenda da documentación persoal a un dos licitadores presentados.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do contorno da Escola de Música de Beade (4.740-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo (€)
1	ORECO, S.A.	426.184,93
2	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	463.244,49
3	COPCISA, S.A.	357.763,73
4	CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, S.A.U.	429.612,95
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	373.606,68
6	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	406.421,13
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	388.569,48

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción e D. Fernando Nicolás Fernández Domínguez, con DNI 44.499.959-L, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

#### 8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 3 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:02	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A647-E1B955-81388D-VAYFUW-8RAUBV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**b) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 6 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 3 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**b) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 6 de novembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 10:02	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A647-E1B955-81388D-VAYFUW-8RAUBV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		